

Velaquí os autores das obras representadas:



Johann Wolfgang von Goethe  
(1749-1832, Frankfurt)



Erich Maria Remarque  
(1898-1970, Osnabrück)



Paula Carballeira  
(1972, Maniños-Fene)



Carlos Santiago  
(1966, Santiago de  
Compostela)



Pepe Sendón  
(1964, Lira-Carnota)



O Equipo de Dinamización Lingüística do IES Ribeira do Louro  
presenta:

## RETRINCOS TEATRAIS - 2024

O programa teatral preparado polo Grupo de teatro do instituto para este curso inclúe algúns fragmentos escollidos de catro obras extraordinarias: *Fausto*, de J. W. Goethe; *Nada novo na fronte*, de Eric M. Remarque; *Cranios privilexiados ou crítica da razón perralleira*, de Carlos Santiago e Pepe Sendón; e mais *As alumnas*, de Paula Carballeira.

-----  
Funcións no Salón de Actos do IES Ribeira do Louro (Mes das Letras Galegas)

- Mércores, 8 de maio (ás 9:35 h e ás 11:45 h)
- Xoves, 9 de maio (ás 9:35 h, ás 11:45 h)
- Venres, 10 de maio (ás 19:00 h)

Representación especial no Centro Cultural do Porriño (Auditorio da Biblioteca Municipal)

- Mércores, 26 de xuño (ás 18:00 h)



**CRANIOS PRIVILEXIADOS**  
**OU CRÍTICA DA RAZÓN PERRALLEIRA**  
 de Carlos Santiago e Pepe Sendón

- Elenco: Mofa e Hípaso de Metaponto ..... ANXO MARTÍNEZ VEIGA (1ºBACH.-A)  
 Befa e Pitágoras ..... PEDRO LEMOS LÓPEZ (1ºBACH.-A)
- Melodía de frauta (The Godfather Waltz) .....Anxo Martínez Veiga
- Dispositivo escénico (Biombo transparente) ..... Xosé Antón Silva Tubío, María E. Lence Pena,  
 Francisco J. Gil Feijoo e Rosa Gándara Moral
- Atrezo (Libro-ladrillo de Polemón) ..... Laura Iglesias Rodríguez
- Vestuario ..... Virxinia Calviño Baltar
- Coordinación ..... Delio García Represas



**AS ALUMNAS**  
 de Paula Carballeira

Levamos á escena un retrinco desta obra coa que a autora foi galardoada no ano 2023 co Premio Nacional de Literatura Dramática, concedido polo Ministerio de Cultura. Dúas mulleres que foran alumnas dunha mestra extraordinaria durante a Segunda República, vólvense atopar moito tempo despois e, entre outras cousas, lembran como a Ditadura franquista o cambiou todo para peor. Nesa escura etapa creáronse as condicións para que puidesen aparecer panfletos que reflecten un machismo rancio como a *Guía da boa esposa. Once regras para manter o teu marido feliz. Sé a muller que el sempre soñou*. Na actualidade pódennos resultar cómicas as ideas que aí aparecen, pero na obra parece latexar un aviso: estamos certos de que os avances logrados hoxe en materia de igualdade de dereitos xa non se poden reverter?


- Elenco: Rosa ..... EMMA BALIÑAS GONZÁLEZ (3ºESO-A)  
 Elvira ..... NORA MORENO VÁZQUEZ (1ºESO-B)
- Vestuario ..... Virxinia Calviño Baltar
- Coordinación ..... Delio García Represas

Representamos un retrinco desta intelixente comedia que reivindica con moito humor a necesidade da Filosofía, «a ciencia que nos ensina a preguntar mellor», e na que se pretende analizar a condición de ser galego. O punto de partida é a publicación dun libro excepcional da autoría dun suposto pensador ourensán alcumado Polemón, dado o seu gusto pola polémica. Grazas a el, aproximámonos a figuras históricas como Pitágoras e coñeceremos o que pode acontecer cando o principio de autoridade prima sobre a razón.



**FAUSTO, de J. W. Goethe**

- Elenco: Divindade e Doutor Fausto ..... NICOLÁS FREIRÍA CASAL (4ºESO-B)  
 Mefistófeles ..... MATEO ÁLVAREZ DACOSTA (4ºESO-C)
- Decorado ..... Miguel Santiago Paz (coord.) e alumnado de  
 FPB1-Comercio: Carla González Rial, Judith Rivero Rodríguez e Alfonso da Silva Ramilo.
- Atrezo (Pergameos e portadas de libros) ..... Nicolás Freiría Casal
- Vestuario ..... Virxinia Calviño Baltar
- Texto principal de referencia ..... Tradución do alemán de Lois Tobío
- Coordinación ..... Delio García Represas



**NADA NOVO NA FRENTE**  
 de Erich M. Remarque

Adaptamos para teatro un retrinco desta novela antibelicista, na que o autor alemán fala do horror da guerra baseándose na súa propia experiencia como soldado durante a 1ª Guerra Mundial. A obra publicouse con gran éxito en Alemaña en 1929 e nese mesmo ano foi traducida a 26 idiomas. Pouco despois, coa subida do partido Nazi ao poder, foi prohibida por «antipatriótica» e en 1933 ardeu nas fogueiras xunto con outros libros contrarios á súa propaganda. Incluímos na nosa adaptación un soneto estarrecedor de Robert Graves, testemuño tamén da súa participación na chamada daquela «Gran Guerra», e tamén unhas palabras recollidas na primeira versión cinematográfica da novela realizada polo director Lewis Milestone: «Hai millóns de homes morrendo polo seu país. A quen beneficia? Os que mandan din: ‘Saíde a morrer’, pero é moito máis doado dicilo ca facelo».

- Elenco: Soldado 1 ... MIGUEL PÉREZ NOGALES (2ºESO-D)  
 Soldado 2 .. BORJA LORENZO FERNÁNDEZ (2ºESO-D)  
 Soldado 3 ... GABRIEL LÓPEZ MARTÍNEZ (2ºESO-A)
- Xeración de imaxe por IA ..... Nicolás Freiría Casal
- Vestuario ..... Virxinia Calviño Baltar
- Coordinación e adaptación ..... Delio García Represas